



ACTA DA REUNION DA ASEMBLEA XERAL DA FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO, EN SESION EXTRAORDINARIA, CELEBRADA EN LUGO, NA SE FEDERATIVA, CASA DO DEPORTE, CON ENDEREZO NA AVENIDA INFANTA ELENA DUQUESA DE LUGO, S/N (LUGO), O DIA VINTEUN DE ABRIL DE DOUS MIL DEZAOITO.-

### **ASISTENTES:**

#### ***Estamento de Clubes:***

Club de Tiro Olímpico Arteixo, Representado por D. Juan Alberto Primo González.  
Sociedade Deportiva Pena da Revolta, Representada por D. Angel Calvo Abad  
Club de Tiro Olímpico El Castro, Representado por Dona Margarita García Penelas.  
Club de Tiro Olímpico Carral, Representado por D. José Manuel Alvarez Suárez.  
Real Aeroclub de Lugo, Representado por D. Miguel Colmenares Díaz.  
Club de Tiro San Froilán Representado por D. Julio Rivas Iglesias.  
Club de Tiro Eiroás, Representado por D. Arturo Rodríguez Lorenzo.  
Club de Tiro Rio Lerez, Representado por D. Victor Guimil Pérez.  
Club de Tiro Cernadiñas Novas, Representado por D. Jesús Golmar Failde.

#### ***Estamento de Deportistas:***

D. Manuel Rodríguez Reboredo.  
D. Jesús Ferreiro Rodríguez.  
D. Miguel Gago Cea.

#### ***Estamento de Adestradores:***

D. Manuel Fernández García.

#### ***Estamento de Xuíces-Arbitros:***

D. Jose María fajardo de Andrade Schachter.

Na Cidade de Lugo, no Salón de Actos da Casa do Deporte, con enderezo na Avenida Infanta Elena Duquesa de Lugo, s/n – 27003 Lugo, e sendo as 17,00 horas do día 21 de abril de 2018, en segunda convocatoria, reúnense en sesión extraordinaria, os membros da Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico, baixo a seguinte orde do día:

- 1º),- Informe do Presidente.
- 2º),- Aprobación do regulamento e calendario electoral para eleccións a membros da Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidente.

3°),- Autorizar, se procede, á Xunta Directiva, para que se é o caso, poida subsanar no Regulamento electoral, as deficiencias que estableza a Secretaría Xeral para o Deporte.

4°),- Elección dos membros da Xunta Electoral.

O presidente saúda aos asistentes, agradecendolles a súa presenza nesta xuntanza.

Por parte da Secretaria Xeral procedese á comprobación da asistencia dos membros da asemblea que resultan ser: 14 membros da asemblea presentes mais presidente e secretaria.

**Punto Primeiro,-** O Presidente agradece a asistencia dos membros da asemblea a esta sesión extraordinaria, convocada para dar cumprimento ao Artigo 58 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, que no seu punto 6, establece: Que o mandato dos membros da asemblea xeral e da presidenta ou do presidente é de catro anos, que se renovará nos anos que teñan lugar os Xogos Olímpicos de Inverno, pólo tanto corresponde facelo neste ano 2018.

**Punto Segundo.-** Con data 16 de febreiro en curso, o Diario Oficial de Galicia, publica o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorias que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.

Para dar cumprimento ao Devandito decreto, que entrou en vigor o día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, publicouse na páxina web e expuxéronse publicamente no taboleiro de anuncios da federación e nos das delegacións provinciais, o censo inicial de clubs, deportistas, técnicos e xuíces-árbitros.

Durante o prazo de exposición, que foi de vinte (20) días naturais, para os efectos de que as posibles persoas electoras poidan presentar aclaracións, rectificacións ou reclamacións a éste durante o devandito prazo.

No citado prazo, as entidades deportivas puideron solicitar que figure como representante delas no censo e como votante na elección de membros da asemblea xeral unha persoa distinta á presidencia, sempre que sexa membro da xunta directiva da entidade, condición que se acredita mediante certificado expedido polo Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Os censos foron elaborados e aprobados pola Xunta Directiva na súa reunión de data 3 de febreiro en curso. Confeccionaronse por provincias, á espera de que o Regulamento electoral determine as circunscricións e as mesas electorais.

O Artigo 2 e seguintes do devandito Decreto, establece que, unha vez convocadas as novas eleccións, a xunta directiva da federación deportiva entenderase disolta e asumirá as súas funcións unha comisión xestora.

A Comisión Xestora estará composta por un número máximo de 8 persoas membros mais unha presidencia: Catro persoas elixidas pola Comisión Delegada; deberán



ter representación os estamentos de entidades deportivas, deportistas, xuíces e adestradores.

Un número máximo de catro persoas designadas pola xunta directiva, entre as que se deberá incluír as persoas que exerzan as funcións de secretaria e tesoureiro da federación.

A Xunta Directiva redactou o Regulamento que se propón á aprobación desta Asemblea Xeral, en base ao disposto na Lei do deporte de Galicia, xá suliñada mais arriba, ao Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen os criterios para a elaboración dos regulamentos electorias e dos vixentes Estatutos da Federación.

Á vista dos censos confeccionados, a Xunta Directiva, como no último proceso electoral, estimou que a circunscrición electoral debe ser autonómica para tódolos estamentos.

Tamén estimou, que o ser baixa varios clubes por non ter adaptado os seus estatutos á vixente Lei do deporte de Galicia o censo definitivo de clubes estará composto por 21 clubes, polo que se propón a participación do 100% de clubes. Á vista deste dato, propónse que a composición da asemblea sexa a seguinte: Clubes: 63%; Deportistas: 22 %; Adestradores: 10% e Xuíces-árbitros 5%.

De conformidade co anterior, o número de membros da asemblea xeral será de 33 mais o presidente, correspondendo ao estamento de clubes deportivos 21; ao estamento de deportistas 7; ao de adestradores 3 e o de xuíces-árbitros 2.

Unha vez analizada a documentación proposta, e tras varias intervencións dos membros da asemblea, especialmente do representante do Club de Tiro San Froilán, D. Julio Rivas Iglesias, sométese a votación para aprobar o Regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea, Comisión Delegada e Presidente, que resultan ser:

Votos en contra da súa aprobación: (1) un, emitido polo representante do Club de Tiro San Froilán. Abstencións: (1) unha, emitido pola representante do Club de Tiro El Castro Ferrol. Votos a favor da aprobación do Regulamento: (12) doce.

Á vista dos resultados da votación queda aprobado o Regulamento electoral para a elección a membros da asemblea xeral, presidente/a e comisión delegada da Federación Galega de Tiro Olímpico.

**Punto Terceiro,-** Unha vez aprobado o regulamento electoral pola asemblea xeral, deberá ser remitido no prazo de dous días, xunto coa acta da asemblea en que se recollan as alegacións formuladas, e unha proposta de calendario electoral que indicará as datas estimadas de inicio e remate do proceso electoral, á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa análise e a súa aprobación definitiva.

A Secretaría Xeral para o Deporte resolverá, no prazo máximo dun mes, dende a entrada do regulamento no seu rexistro, sobre a súa aprobación ou a súa devolución para a emenda daquelas normas do regulamento que non se axusten ao disposto no presente decreto. Neste último suposto, indicaranse estas e concederanse dez (10) días hábiles para

proceder á dita emenda. Transcorrido un mes sen que a Secretaría Xeral para o Deporte dite ningunha resolución entenderase aprobado o regulamento.

No suposto de que sexa necesario facer enmendas no regulamento electoral, é potestativo de cada federación, e sempre que así se acorde expresamente na asemblea xeral que aprobe o regulamento electoral, a convocatoria dunha nova asemblea xeral para a aprobación do regulamento electoral coas modificacións indicadas pola Secretaría Xeral para o Deporte, ou ben a delegación na xunta directiva ou na presidencia da federación deportiva da facultade de realización e aprobación das modificacións indicadas sen necesidade de novo sometemento á aprobación da asemblea xeral. Realizadas as modificacións, o novo regulamento remitirase á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa aprobación definitiva.

Á vista do anterior, solicítase autorización expresa desta asemblea para que delegue na Xunta Directiva ou na presidencia da federación, a facultade de realización e aprobación das modificacións indicadas pola Secretaría Xeral para o Deporte, sen que sexa necesario dun novo sometemento á aprobación da asemblea xeral do regulamento electoral coas modificacións que indique a Secretaría Xeral para o Deporte.

As modificacións van ser exclusivamente as que indique a Secretaría Xeral para o Deporte. Si se faculta a esta Presidencia, corríxese o Regulamento á maior brevidade posible, se a delegación é na Xunta Directiva hai que reunila, pero os resultados son os mesmos.

Polo que se solicita á Asemblea da Federación Galega de Tiro Olímpico, que se delegue no Presidente a facultade para, de ser necesario, realizar as enmendas no Regulamento que estableza a Secretaría Xeral para o Deporte.

Votos en contra da delegación no Presidente da Federación: (1) un, emitido polo representante do Club de Tiro San Froilán. Abstencións: (1) unha, emitida pola representante do Club de Tiro El Castro Ferrol. Votos a favor da aprobación da delegación no Presidente: (12) doce.

**Punto Cuarto,-** A Xunta electoral estará integrada por tres persoas titulares e tres suplentes. Serán elixidas e designadas pola asemblea xeral na mesma sesión en que se aproba o regulamento electoral, e na forma prevista nos estatutos, entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da xunta electoral.

Hai unha candidatura presentada no rexistro da Federación o día 19 de abril por Dona Pilar Vidal Barrio. A presentación da solicitude non foi persoal, polo que a única referencia da solicitante é que ten licenza federativa de tiradora de precisión afecta ao Clube de tiro San Froilán. D. Julio Rivas Iglesias, confirma que a solicitante está asociada ao Clube de tiro San Froilán.

Como consecuencia, solicítase a esta asemblea a elección e designación da solicitante, como membro titular da Xunta Electoral. Os membros da asemblea, por unanimidade, elixen e designan a Dona Pilar Vidal Barrio, como membro titular da Xunta Electoral.



Ao non existir mais candidaturas, o resto dos membros da Xunta electoral serán designadas pola comisión delegada, no prazo de tres días hábiles dende a celebración desta asemblea. Polo que se convoca aos membros da Comisión Delegada **para** o vindeiro mércores día 25 ás 17:30 horas en primeira convocatoria e 18:00 horas en segunda convocatoria con un único punto da orde do día: Designación dos membros da Xunta electoral.

E sen mais asuntos que tratar, o Presidente agradece a colaboración dos membros da asemblea, e sendo as dezasete horas e corenta e cinco minutos, levántase a sesión que se constata na presente acta.

A Secretaria Xeral,

Asdo.: Leticia del Valle Alvarez

Vº. e Prace,  
O Presidente,



Asdo.: Angel Blas Paz Díaz.

